

BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO CONCELLO DE CANGAS FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO

23 MAIO | 21 XUÑO, 2025
AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

B'AM

XXV
EDICIÓN



CAMPOS LÓBOS - TILINCA, PREMIO B'AM 2022



FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

D/Dona D/Doña

Nome artístico Nombre artístico

Lugar e data de nacemento Lugar y fecha de nacimiento

Enderezo Domicilio

Provincia

CP

Tlfs.

País

DNI/PASAPORTE

E-mail

OBRA PRESENTADA

Título

Disciplina artística (*seleccionar 1 única opción*)

Pintura

Escultura

Técnica

Materiais Materiales

Valor estimado (*euros*)

Medidas (*cm*)

Opto a (*seleccionar 1 única opción*)

Premio

Beca Posgr. de Formación Artística

Solicito participar na **XXV EDICIÓN BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B'AM 2025)**, cujas bases coñezo e acepto.

Solicito participar en la **XXV EDICIÓN BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B'AM 2025)**, cuyas bases conozco y acepto.

En

a

de

de 2025

Sintaura Firma

B·A·M

XXV
EDICIÓN

23 MAIO | 21 XUÑO, 2025

AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

O Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo S.L. en colaboración coa Facultade de Belas Artes de Pontevedra - Universidade de Vigo, coa finalidade de fomentar as Belas Artes e estimular a creatividade convocan a XXV BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM), segundo as seguintes BASES:

1. Poderán concorrer á **BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM)**, tódolos/as artistas que o soliciten, nacionais ou estranxeiros/as.
2. Cada artista poderá presentar **UNHA ÚNICA OBRA**, nas modalidades de pintura ou escultura.
3. **As obras en pintura** terán nunha das súas dimensións, 80 cm como mínimo e 200 cm como máximo, e serán presentadas enmarcadas con listóns, preparadas para o seu pendurado e identificadas no seu reverso. O tema e técnicas serán libres. **As obras en escultura** non serán inferiores a 75 cm en calquera das súas dimensións, nin exceder dos 200 cm, sendo o seu peso máximo de 75 quilos. O tema e técnica serán libres.
4. Tódalas obras presentadas estarán debidamente asinadas, serán únicas e orixinais. En ningún caso as obras poderán ter participado en anteriores edicións deste certame.
5. Os/as interesados/as en participar na **XXV B·AM**, deberán enviar en formato dixital ao enderezo electrónico, **auditorio@cangas.gal** a seguinte documentación:
 - Solicitude de participación debidamente cumprimentada e asinada, según o modelo que se recolle nestas bases. Deberán aparecer os datos de autoría e a ficha técnica da obra a concurso.
 - Currículum vitae
 - Fotografía da obra coa que concursa, con resolución suficiente para a súa publicación en catálogo, no caso de ser seleccionada.
 - Cinco fotografías doutras obras da súa autoría.
6. O prazo de presentación será **do 1 de febreiro até o 31 de marzo de 2025**.
7. Xurado do certame:
Presidenta:
María Aurora Prieto Gago, Concelleira de Cultura e Participación Veciñal.
Vogais:
 - Un representante da Facultade de Belas Artes de Pontevedra – Universidade de Vigo.
 - Emilio Alfonso Fernández Sotelo. Doutor en Historia do Arte, Museólogo e Arqueólogo.
 - Un/unha artista premiado/a en edicións anteriores.
 - Camilo Camaño Xestido. Comisario da XXV Bienal Internacional Arte no Morrazo.
 - Rubén Costoya Novo. Xerente de Frigoríficos del Morrazo S.L.Secretario:
- Juan José Pérez Estévez. Director do Auditorio Municipal de Cangas.
8. O Xurado nunha 1ª fase seleccionará de entre as solicitudes presentadas, as obras que formarán parte da **XXV B·AM**, mostra que terá lugar na SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, **do 23 de maio ao 21 de xuño de 2025**. Os/as autores/as das obras seleccionadas serán debidamente notificados/as con suficiente anterioridade para que **antes do día 6 de maio de 2025** depositen a obra no Auditorio. De entre as obras seleccionadas, nunha 2ª fase elixiranse as catro premiadas, que pasarán a formar parte dos fondos de arte dos copatrocinadores: Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo S.L. Os premios daranse a coñecer e entregaranse no acto de clausura.

9. O Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo, dotan á **XXV B·AM**, coa cantidade de DOCE MIL EUROS (12.000) en concepto de premio-adquisición. Haberá CATRO PEZAS PREMIADAS, das cales TRES están dotadas con 3.000€ de premio cada unha; a cuarta distinción, dotada coa mesma dotación económica, corresponde a unha Beca de Estudos de Posgrao en Formación Artística. A persoa gañadora da Beca de estudo recibirá o premio de 3.000€ no momento que demostre documentalmente a realización de estudos de posgrao na universidade durante o ano 2025. Ata ese momento a peza gañadora permanecerá en depósito no auditorio municipal; de non cumprir co compromiso de cursar ditos estudos no ano 2025 perderá a beca e seríalle devolta a peza premiada. Esta disposición manteráse de non quedaren desertos os correspondentes premios.

10. As obras seleccionadas para formar parte da **XXV B·AM**, deberán ser retiradas a partires do 24 de xullo até o 19 de setembro de 2025. De non seren retiradas no devandito prazo, o/a artista renuncia á propiedade da obra e esta pasa a formar parte dos fondos de arte do Concello de Cangas.

11. Desde a súa XX edición, a **BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM)** diversificou os seus premios incorporando unha nova modalidade: Premio-Bolsa de estudos na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Unha iniciativa que busca apoiar a creación artística, impulsando e estimulando a formación académica. Preferentemente, sen que sexa excluínte, está orientado a nados/as ou residentes nos concellos do Morrazo e que opten a cursar estudos de posgrao (Máster) en formación artística, no seu defecto teranse en conta estudos de grao en Belas Artes. Unha parte da dotación da bolsa irá destinada a sufragar os gastos de matrícula dos estudos. A contía destinada será a mesma que a que corresponda aos outros tres premios (3.000 euros). Poderán concorrer a esta modalidade todas/os os/as participantes que especifiquen expresamente o seu interese anexando xunto co formulario e a obra, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, currículum vitae extractando o expediente académico dos estudos cursados de grao ou licenciatura, e un escrito de motivación expondo o interese en ampliar os seus estudos.

12. Os gastos de embalaxe e transporte das obras, ida e volta, correrán por conta da/o artista, quen as poderá enviar por calquera medio de transporte ou persoándose para depositalas no Auditorio de Cangas. Tódalas obras deberán estar embaladas. O Auditorio de Cangas non se responsabilizará do seu deterioro por unha embalaxe ou transporte non adecuado. Deberán estar protexidas para a seguridade na súa manipulación. No caso de que na desembalaxe se detecte algún desperfecto non se considerará responsabilidade da organización. O persoal do Auditorio de Cangas porá o máximo celo no coidado das obras recibidas. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado. As/os artistas deberán chegar todos os elementos necesarios para a correcta instalación e exposición das obras. No caso de que algún elemento non sexa proporcionado polo artista, este deberá facilitar opcións ou adaptarse aos elementos que a organización estea en condicións de ofrecer.

DISPOSICIÓN FINAL Os/as participantes na **XXV B·AM** aceptarán integramente as presentes bases.

Cangas, xaneiro de 2025
A alcaldesa de Cangas,
Araceli Gestido Rodríguez

DATAS DE INTERESE

INSCRIPCIÓN ONLINE
10 FEBREIRO - ?????

RECEPCIÓN DAS OBRAS SELECCIONADAS
DATA LÍMITE - 06 MAIO

EXPOSICIÓN
23 MAIO - 21 XUÑO

RETIRADA DE OBRAS NON PREMIADAS
16 XULLO - 23 SETEMBRO

El Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo S.L. en colaboración con la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra - Universidad de Vigo, con la finalidad de fomentar las Bellas Artes y estimular la creatividad, convocan la XXV BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM), según las siguientes BASES:

1. Podrán concurrir a la **BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM)**, todos/as los/as artistas que lo soliciten, nacionales o extranjeros/as.
2. Cada artista podrá presentar **UNA ÚNICA OBRA**, en las modalidades de pintura o escultura.
3. **Las obras en pintura** tendrán en una de sus dimensiones 80 cm como mínimo y 200 cm como máximo y serán presentadas enmarcadas con listón, preparadas para su exposición e identificadas en su reverso. El tema y técnicas serán libres. **Las obras en escultura** no serán inferiores a 75 cm en cualquiera de sus dimensiones, ni superarán los 200 cm, siendo su peso máximo de 75 kilos. El tema y técnica serán libres.
4. Todas las obras presentadas estarán debidamente firmadas y serán únicas y originales. En ningún caso las obras podrán haber participado en anteriores ediciones de este certamen.
5. Los/as interesados/as en participar en la **XXV B·AM**, deberán enviar en formato digital a la dirección electrónica, **auditorio@cangas.gal** la siguiente documentación:
 - Solicitud de participación debidamente cumplimentada y firmada, según el modelo que se recoge en estas bases. Deberán aparecer los datos de autoría y de la ficha técnica de la obra a concurso.
 - Currículum vitae
 - Fotografía de la obra con la que concursa, con suficiente resolución para su publicación en catálogo, en caso de ser seleccionada.
 - Cinco fotografías de otras obras de su autoría.
6. El plazo de presentación será **desde el 1 de febrero hasta el 31 de marzo de 2025**.
7. Jurado del certamen:
Presidenta:
María Aurora Prieto Gago. Concejala de Cultura y Participación Vecinal.
Vocales:
 - Un representante de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra – Universidad de Vigo.
 - Emilio Alfonso Fernández Sotelo. Doctor en Historia del Arte, Museólogo y Arqueólogo.
 - Un/a artista premiado/a en ediciones anteriores.
 - Camilo Camaño Xestido. Comisario de la XXV Bienal Internacional Arte no Morrazo.
 - Rubén Costoya Novo. Gerente de Frigoríficos del Morrazo S.L.Secretario:
- Juan José Pérez Estévez. Director del Auditorio Municipal de Cangas.
8. En una 1ª fase, el Jurado seleccionará de entre las presentadas, las obras que formarán parte de la **XXV B·AM**, muestra que terá lugar en la SALA DE EXPOSICIONES DEL AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, **del 23 de mayo al 21 de junio de 2025**. Los/as autores/as de las obras seleccionadas serán debidamente notificados/as con suficiente anterioridade para que **antes del día 6 de mayo de 2025** depositen la obra en el Auditorio. De entre las obras seleccionadas, en una 2ª fase se elegirán las cuatro premiadas que pasarán a formar parte de los fondos de arte de los copatrocinadores: Concello de Cangas y Frigoríficos del Morrazo S.L. Los premios se darán a conocer y se entregarán en el acto de clausura.

9. El Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo, dotan a la **XXV B·AM**, con la cantidad de DOCE MIL EUROS (12.000) en concepto de premio-adquisición. Haberá CUATRO PIEZAS PREMIADAS, de las cuales TRES están dotadas con 3.000€ cada una; el cuarto premio, de igual dotación económica, corresponde a una Beca de Estudios de Posgrado en Formación Artística. El/la ganador/a de la Beca de Estudios recibirá dicho premio tras demostrar documentalmente la realización de estudios de postgrado durante el año 2025. Hasta ese momento la pieza ganadora permanecerá en depósito en el Auditorio Municipal; en caso de que el/la artista incumpla dicho compromiso en el año 2025, perderá la beca y la pieza premiada será devuelta. Esta disposición se mantiene si no quedan desiertos los correspondientes premios.

10. Las obras seleccionadas para formar parte de la **XXV B·AM**, deberán ser retiradas entre el 24 de julio y el 19 de septiembre de 2025. En caso de no ser retiradas en dicho plazo, el/la artista renuncia a la propiedad de la obra y esta pasa a formar parte de los fondos de arte del Concello de Cangas.

11. Desde su XX edición, la **BIENAL INTERNACIONAL ARTE NO MORRAZO (B·AM)** diversificó sus premios incorporando una nueva modalidad: Premio-Beca de estudios en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Vigo. Una iniciativa que busca apoyar la creación artística, impulsando y estimulando la formación académica. Preferentemente, sin que sea excluyente, está orientado a nacidos/as o residentes en los ayuntamientos del Morrazo y que opten a cursar estudios de postgrado (Máster) en formación artística, en su defecto se tendrán en cuenta estudios de grado en Bellas Artes. Una parte de la dotación de la beca irá destinada a sufragar los gastos de matrícula de los estudios. La cuantía destinada será la misma que la que corresponda a los otros tres premios (3.000 euros). Podrán concurrir a esta modalidad todas/os los/as participantes que especifiquen expresamente su interés anexando junto con el formulario y la obra, la siguiente documentación:

- Fotocopia DNI, currículum vitae extractando el expediente académico de los estudios cursados de grado o licenciatura, y un escrito de motivación exponiendo el interés en ampliar sus estudios.

12. Los gastos de embalaje y transporte de las obras, ida y vuelta, correrán por cuenta del/la artista, quien las podrá enviar por cualquiera medio de transporte o personándose para depositarlas en el Auditorio de Cangas. Todas las obras deberán estar embaladas. El Auditorio de Cangas no se responsabilizará de su deterioro por un embalaje o transporte no adecuado. Deberán estar protegidas para la seguridad en su manipulación. En caso de que en el desembalaje se detecte algún desperfecto no se considerará responsabilidad de la organización. El personal del Auditorio de Cangas pondrá el máximo celo en el cuidado de las obras recibidas. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado. Las/os artistas incluirán todos los elementos necesarios para la correcta instalación y exposición de las obras. En caso contrario, el/la artista facilitará opciones o se adaptará a los elementos que la organización esté en condiciones de poder ofrecer.

DISPOSICIÓN FINAL Los/as participantes en la **XXV B·AM** aceptarán íntegramente las presentes bases.

Cangas, enero de 2025
La alcaldesa de Cangas,
Araceli Gestido Rodríguez

FECHAS DE INTERÉS

INSCRIPCIÓN ONLINE
10 FEBRERO - ?????

RECEPCIÓN DE LAS OBRAS SELECCIONADAS
FECHA LÍMITE - 06 MAYO

EXPOSICIÓN
23 MAYO - 21 JUNIO

RETIRADA DE OBRAS NO PREMIADAS
16 JULIO - 23 SEPTIEMBRE

B·A·M

XXV
EDICIÓN

23 MAIO | 21 XUÑO, 2025

AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA